

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A FUNDACIÓN GALICIA SUSTENTABLE PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES EDUCATIVAS NA SENDA LITORAL DE GALICIA

REUNIDOS

Dunha parte, **D. Román Rodríguez González**, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, en virtude do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 44/2024 polo que se nomea aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

E doutra, **Marcos Pérez Gulín** con DNI nº 44082012M, en nome e representación da Fundación Galicia Sustentable con CIF nº G-70193537, en calidade de presidente.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de ensinanzas de educación infantil, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional.



A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional considera que un servizo educativo participativo e de calidade debe responder ás novas demandas sociais de modo eficaz, completando a oferta do ensino e fomentando as condicións de igualdade de oportunidades para a formación de toda a cidadanía. Nos tempos actuais a educación integral do alumnado demanda a colaboración de toda a comunidade educativa e outras institucións da sociedade para atender as aspiracións e necesidades do alumnado e familias, especialmente no que atinxe ao desenvolvemento de actividades extra curriculares.

Neste senso, a Consellería entende importante concienciar á mocidade da necesidade de entender non só os impactos do cambio climático, senón tamén a importancia dos servizos que a natureza lles ofrece a diario: aire limpo, auga, alimentos, benestar emocional, paisaxe... a través de actividades educativas in situ.

Segundo.- Que a Fundación Galicia Sustentable é unha fundación privada de interese galego, constituída o 26 de decembro de 2008 que ten como finalidade xeral o aproveitamento do potencial de Galicia e as súas xentes cara a sustentabilidade desenvolvendo os potenciais dos individuos e colectivos a través das súas accións, actividades e proxectos.

Segundo se establece no artigo 7 dos seus estatutos para a consecución dos seus fins a fundación organizará e levará a cabo actividades do seguinte tipo, entre outras:

- Actividades formativas, de divulgación do concepto da sustentabilidade tales como ciclos de conferencias, seminarios, cursos e congresos.
- Organizar actos públicos para a concienciación e para enviar mensaxes a prol da sustentabilidade á sociedade civil.
- Actividades culturais no marco da sustentabilidade como exposicións, concertos, charlas de divulgación cultural, ciclos de cine ou proxeccións puntuais de películas e documentais.



- Asesorar a institucións de carácter público e privado con competencias ou actuacións estratéxicas que poidan ter efectos sobre a sustentabilidade.
- Participar en proxectos de I+D+i que fomenten, profunden ou traten de facer unha contribución cara a sustentabilidade, en particular no referido á ordenación do territorio.
- Apoiar, a través da transferencia de coñecemento, iniciativas empresariais e proxectos de emprendedores que impulsen, difundan e favorezan coas súas actividades a sustentabilidade de Galicia.

Terceiro.- Que o proxecto da “Senda Litoral de Galicia” foi deseñado e posto en marcha pola Fundación Galicia Sustentable. Neste senso, a Fundación :

- É titular da marca “Senda Litoral de Galicia” (OEPM: Marca nacional M4078972)
- É titular do dominio “sendalitoral.gal”
- Posúe os permisos de paso por fincas de titularidade privada polas que discorre o trazado da Senda.

O trazado descorre entre Tapia de Casariego (Asturias) e descorre ata a Ponte da Amizade (Tomiño), na fronteira con Portugal. Deseñouse inicialmente a partir de 56 etapas tendo en conta aspectos paisaxísticos, ambientais, patrimoniais, de seguridade, existencia de servizos, dinamización de núcleos de poboación, etc. Este trazado inicial foi incluído en 2018 dentro da Rede de itinerarios de interese paisaxístico da Xunta de Galicia.

Cuarto.- Que a Senda Litoral de Galicia configúrase como un itinerario de interese paisaxístico, en coherencia coa natureza e as funcións que lle outorgan as Directrices de Ordenación do Territorio e o Plan de ordenación do litoral (POL) e ten por obxecto fomentar o descubrimento do litoral, a valorización dos recursos territoriais e a lectura



das paisaxes que se van percorrendo. Búscase, ao mesmo tempo, a conexión con outras rutas alternativas que percorren núcleos asentados na contorna do seu percorrido e que ofrecen un rico patrimonio cultural e etnográfico, moitas veces descoñecido ou esquecido.

Dentro dos obxectivos globais do proxecto figura a xeración dun modelo de xestión integrado que favoreza unha maior identificación da cidadanía residente co proxecto. Este modelo debe levarse a cabo en consonancia con axentes territoriais públicos e privados, realizando unha labor de difusión e sensibilización entre a cidadanía con especial atención á comunidade educativa, o cal xustifica a necesidade deste convenio.

Quinto.- Que a Consellería considera que o marco da “Senda Litoral de Galicia” é o escenario perfecto para vivenciar esta aprendizaxe, conectando o alumnado coa súa contorna mediante actividades reais, sensoriais e dixitais. Este proxecto busca transformar a relación co medio natural a través do coñecemento, a valoración e a acción, aliñándose cos novos retos da Axenda Post-2030. Concienciar ao alumnado de 1º da ESO sobre os servizos ecosistémicos a través de actividades educativas na Senda Litoral de Galicia, fomentando actitudes de coidado e corresponsabilidade co medio natural.

Sexto.- Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outros entes de dereito público ou privado para a consecución dun fin común, baixo o réxime xurídico establecido no capítulo VI da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Dado o interese común das partes asinantes no desenvolvemento das accións obxecto do presente convenio é preciso establecer as canles para a colaboración entre as partes co fin de acadar o seu obxectivo.

Deste xeito as partes asinantes do convenio consideran axeitado colaborar nas actuacións obxecto do mesmo, por razóns de interese público e social. A singularidade



do proxecto non fan posible promover a concorrència pública, dado que a Fundación Galicia Sustentable é, polo seu coñecemento, a única entidade existente en Galicia representativa deste sector con capacidade para desenvolver e executar o proxecto como entidade que deseñou a Senda Litoral de Galicia.

En virtude do anteriormente exposto, as partes acordan celebrar este convenio que se rexerá polas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

1. Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Consellería Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Fundación Galicia Sustentable para o desenvolvemento de actividades de concienciación ao alumnado sobre os servizos ecosistémicos a través de actividades educativas na Senda Litoral de Galicia, fomentando actitudes de coidado e corresponsabilidade co medio natural.

O proxecto desenvolverase nos centros educativos da Costa da Morte e estará dirixido a alumnas e alumnos de 1º de ESO dos seguintes concellos: A Laracha, Carballo, Malpica, Ponteceso, Cabana de Bergantiños, Laxe, Vimianzo, Camariñas, Muxía, Fisterra, Cee, Corcubión, Dumbría e Carnota. Contará con 5 fases nas que se levarán a cabo as accións que se indican a continuación:

Fase 1: Deseño e planificación

Entre outras, realizaranse as seguintes accións:

- Identificación de ecosistemas clave.
- Identificación dos ODS post-2030 e integración no proxecto.
- Deseño de material didáctico e propostas adaptadas a 1º da ESO.



- Coordinación cos centros educativos.
- Deseño do observatorio escolar da sostibilidade

Fase 2: Coordinación co profesorado e cos proxectos dos centros

Entre outras, realizaranse as seguintes accións:

- Obradoiros sobre servizos ecosistémicos, metodoloxías activas e uso da contorna como aula.
- Entrega de materiais base.
- Preparación do proxecto co profesorado.

Fase 3: Actividades co alumnado

Entre outras, realizaranse as seguintes accións:

- Saídas á Senda Litoral para analizar os servizos ecosistémicos identificados na Fase I.
- Actividades complementarias: mapas sensoriais, diario de natureza, retos dixitais.
- Rexistro dos servizos ecosistémicos presentes.
- Rexistros do Observatorio da Sostibilidade Escolar.

Fase 4: Reflexión e acción

Entre outras, realizaranse as seguintes accións:

- Elaboración de produtos finais. A modo de exemplo: exposicións, vídeos, podcast, proxectos ambientais...
- Diálogo sobre os ODS post-2030 e o papel da xuventude.



- Desenvolvemento e consolidación do Observatorio como espazo de aprendizaxe compartida.

Fase 5: Avaliación, difusión e evento final

- Avaliación participativa e elaboración do informe final e guía de replicabilidade.
- Integración dos resultados do observatorio e propostas para continuidade.
- Evento final con presentación de traballos.

2. Os obxectivos específicos do proxecto son:

- Introducir o concepto de servizos ecosistémicos na ESO a través do contacto directo coa contorna.
- Vincular os novos eixes dos ODS post-2030 co currículo de forma activa.
- Desenvolver materiais didácticos e recursos dixitais con enfoque territorial.
- Estimular o pensamento crítico, a acción comunitaria e a alfabetización ecolóxica.
- Formar ao profesorado e apoiar a implementación nos centros educativos participantes.
- Crear un Observatorio da Sustentabilidade Escolar como ferramenta de seguimento e aprendizaxe colaborativa.

Segunda .- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado de gastos relativos ao obxecto descrito na cláusula anterior ascende a 72.000,00€, que se distribúe do seguinte xeito:



Concepto	Importe (€)
Fase 1: Deseño e planificación	24.000
Fase 2: Coordinación co profesorado e cos proxectos dos centros	8.000
Fase 3: Actividades co alumnado	14.000
Fase 4: Reflexión e acción	12.000
Fase 5: Avaliación, difusión e evento final	14.000
TOTAL	72.000 €

Deste orzamento, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional financiará a contía de 72.000€, con cargo á aplicación orzamentaria 07.01.421A.781.0, proxecto 2025 00040 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2025.

En todo caso a achega da consellería para posibilitar a realización das actuacións só cubrirá o coste de realización da actividade sen que a Fundación obteña beneficio ou lucro industrial algún con aquela.

Terceira.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión das actuacións recollida na cláusula primeira e no orzamento da cláusula segunda, e que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2025.

En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.



Os tributos son gasto subvencionable cando a persoa beneficiaria da subvención abónaos efectivamente. En ningún caso considéranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Cuarta.- Compromiso das partes

1. A Fundación, como entidade beneficiaria da subvención, asume as obrigas que como entidade beneficiaria establece o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, entre as que cabe destacar as seguintes:

- Incluir en toda a documentación e soportes específicos das accións obxecto do presente convenio que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia, polo que deberá incluír o logo da Xunta de Galicia sempre debendo contar coa conformidade da Consellería con anterioridade a realizar calquera publicación.
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.
- Comunicar á Consellería a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, as certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co



disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Subministrar á Consellería, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Consellería, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

2. A Consellería comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula segunda.

Quinta.- Compatibilidade

A achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

Sexta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Consellería e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.



Sétima.- Xustificación da subvención e pagamento

A xustificación da subvención efectuarase pola Fundación segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co previsto nos artigos 28 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que conterá a seguinte documentación:

- 1) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2) Unha memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que conterá:
 - a) Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.
 - b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago.
 - c) Documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).
 - d) Unha relación detallada de outros axudas, recursos, ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
 - e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.



f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

g) Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

h) Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias para obter a condición de beneficiario/a das subvencións reguladas na Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, recollidas no artigo 10 da Lei.

i) Documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia

Asemade deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Consellería comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento á Fundación.

A Consellería reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será desde a formalización do convenio ata o **1 de decembro de 2025**.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado contido na cláusula segunda deste convenio, e sempre que se cumpra coa finalidade



para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención proporcionalmente á contía xustificada.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Oitava.- Pagamentos anticipados e a conta

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, dun 50% e sen que se supere a anualidade prevista no exercicio orzamentario, ao abeiro do disposto no artigo 63.Dous do Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

Coa solicitude de anticipo, a Fundación terá que presentar certificacións de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, debe xuntarse declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do antedito Regulamento que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións realizadas.

Para proceder ao seu pagamento, a Fundación deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sexta.



A suma dos pagamentos anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

De conformidade co disposto no citado artigo 65 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a Fundación deberá constituír garantía correspondente aos pagamentos anticipados e a conta, cando a contía acumulada relativa aos mesmos supere os 18.000€. A garantía deberá cubrir o 110% das cantidades anticipadas ou pagadas a conta, ao abeiro do disposto no artigo 67 do citado Regulamento.

Novena.- Subcontratación

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incorrer a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. A Fundación será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.



Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalguna das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Décima.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas a Fundación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

Décimo primeira.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do



convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante designado por cada una das partes asinantes.

A súa actuación axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Consellería.

Décimo segunda.- Modificacións e resolución do convenio

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.



- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo terceira.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que o exclúe expresamente no artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdicional as citadas controversias.

Décimo cuarta.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscripción deste convenio á



Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Consellería publicará o texto íntegro do convenio.

Asemade, procederáse á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

Décimo quinta.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPdGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo sexta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están



obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo sétima.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio.

O conselleiro de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional

P.D. (Orde do 05.06.2024)

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López

O presidente da Fundación Galicia
Sustentable

Marcos Pérez Gulín

